PREMIOS
MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS

Fotografías © Xurxo Lobato


2007 Inmaculada Paz Andrade

2008 María Teresa Miras Portugal

2009 María Soledad Soengas González

2010 Carmen Navarro Fernández-Balbuena

2011 Ofelia Rey Castelao

2012 María Tarsy Carballas Fernández

2013 María José Alonso Fernández

2014 Carmen García Mateo

2015 Isabel Aguirre de Úrcola

2016 Peregrina Quintela Estévez

2017 Begoña Vila Costas

2018 Alicia Estévez Toranzo

2019 Mabel Loza García

2020 Amparo Alonso Betanzos

2021 María Victoria Lareu Huidobro

2022 M. Elena Vázquez Cendón

2023 María Concepción Paz Penín

2024 María Loureiro García

O Goberno galego quere recoñecer ás mulleres científicas de Galicia, mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo e que abriron camiños a moitas outras.

Así, con esta exposición preténdese visibilizar e facer chegar á sociedade as contribucións feitas polas mulleres galegas á ciencia e á tecnoloxía, todas elas galardoadas co Premio María Josefa Wonenburger Planells, que outorga anualmente desde o ano 2007 a Xunta de Galicia a través da Unidade de Muller e Ciencia.

O Premio leva o nome da investigadora e matemática galega María Josefa Wonenburger, unha auténtica pioneira e referente feminino internacional no ámbito das ciencias e que foi unha científica adiantada ao seu tempo.

Desde a creación do Premio foron merecedoras deste recoñecemento mulleres que dedican a súa vida profesional a algún campo específico da ciencia ou da tecnoloxía, e así coa visibilización a través desta exposición da súa actividade e do seu triunfo, podemos lograr afianzar a idea de que muller e ciencia non só son compatibles senón que son unha combinación gañadora.

O Goberno galego considera prioritario incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia, pois unha maior presenza de mulleres na investigación contribuiría a enriquecer a actividade científica coa achega de novos temas e perspectivas. Ademais é necesario promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva de xénero nun primeiro plano.

A igualdade de oportunidades ten que ser o punto de partida de todas as persoas, o resultado é aquel que cada unha se constrúe co seu esforzo, co seu traballo e co seu talento. E só se favorecemos con igual énfase a esixencia, o esforzo e a excelencia, nun marco de igualdade de oportunidades, teremos individualmente, e a sociedade no seu conxunto, máis opcións de futuro.

É certo que hai aínda un camiño que percorrer ata a completa paridade, non só no ámbito da investigación, senón en todos os ámbitos dunha sociedade globalizada e tecnolóxica como é a nosa, pero o Goberno galego quere ser actor significativo nese camiño e como un novo paso presenta esta exposición das mulleres galardoadas ao longo dos anos polas súas brillantes achegas á nosa sociedade.

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PREMIO MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS 2024

MARÍA LOUREIRO GARCÍA

Fotografías © Xurxo Lobato

BIOGRAFÍA

- 1995. Licenciada en grao en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- 1996-2000. Estudante de mestrado e doutoramento na Washington State University (EE.UU).
- 1996-1998. Bolsa da Fundación Caixa Galicia para mestrados no exterior.
- 1998-2000. Research Assistant, Washington State University (EE.UU).
- 2000. Doutoramento (*PhD in Agricultural & Resource Economics*), Washington State University, premio á mellor tese doutoral.
- 2001-2003. Profesora (*Assistant Professor in Tenure Track*) na Colorado State University (EE.UU).
- 2004-2008. Investigadora Ramón y Cajal na USC.
- 2010-Profesora Titular de Universidade na USC.
- 2017-Catedrática de Universidade no Departamento de Fundamentos da Análise Económica (USC).
- 2024-actualidade. Directora Científica do Centro de Investigación Interuniversitario en Economía e Empresa para a Sociedade (ECOBAS), centro colaborativo da rede CIGUS.
- 2014-actualidade. Investigadora principal (IP) do grupo de investigación ECO-IURIS da USC, catalogado como grupo de referencia competitiva (modalidade potencial de crecimiento) da Xunta de Galicia.
- Ata o momento dirixiu 9 tesis doctorais, e máis de 25 traballos de fin de grado.
- Ten sido IP de numerosos proxectos de investigación e de transferencia do coñecemento, tanto nacionais coma Internacionais.
- Ten recoñecidos 4 sexenios de investigación e 1 de transferencia.
- 2022-actualidade. Membro Numerario da Real Academia de Ciencias de Galicia.
- 2022-actualidade. Membro do Consello Científico do Real Instituto Elcano.
- 2022-Membro do Panel de Evaliadores da ERC Advanced Grant (panel SH1) (Consello Europeo de Investigación).
- 2024-actualidade. Membro do Consello Científico da Fundación Gadea Ciencia.

María Loureiro García é unha investigadora e economista galega, catedrática no Departamento de Fundamentos da Análise Económica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e directora científica do Centro de Investigación Interuniversitario en *Economía e Empresa para a Sociedade* (ECOBAS).

Os seus campos de investigación están moi influenciados polo contorno galego onde naceu (A Pontenova), e abarcan a economía ambiental, a dos recursos naturais, e máis recentemente a economía do cambio climático. Despois da súa licenciatura e co apoio das bolsas da Fundación Caixa Galicia, formouse na Washington State University. Unha estadía que nun principio era só para un máster, estendeuse a sete anos en EE.UU, obtendo o doutoramento nesta mesma universidade e sendo contratada como profesora na Colorado State University (EE.UU.). Despois de ampliar a súa experiencia na U. Carlos III de Madrid e no actual Instituto de Bioeconomía de Oslo, retornou a Galicia da mán do programa *Ramón y Cajal*.

Segundo REPEC, é unha das economistas máis citadas en España, e está incluída dentro do 2% dos científicos máis influentes a nivel mundial, segundo o ranking elaborado por Stanford. É editora da revista Ecological Economics e co-editora de Environmental & Resource Economics.

Ao longo da súa carreira, acumulou varios premios de investigación, incluíndo o premio ao Mellor Investigador Mozo en Ciencias Sociais en Galicia (Xunta de Galicia, 2006). No 2022 entrou na Real Academia das Ciencias, sendo a primeira muller na sección de economía. Tamén e membro do comité científico do Real Instituto Elcano e da Fundación Gadea.

O seu traballo ten transcendido fora do ámbito académico. Destaca, entre outros, o seu estudo sobre os impactos ambientais e económicos ocasionados polo derrame do buque Prestige, que foi utilizado pola Fiscalía no xuízo desta catástrofe ambiental.

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"